

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	PORTO DO SON
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa María de Caamaño
<b>Dirección</b>	Lugar do igrexario, 2. 15996
	42.655625 -9.025176
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	A igrexa de Santa María de Caamaño é de orixe románica, datada no século XII, aínda que o aspecto actual se debe a unha reconstrución realizada no XVIII. A construción é de planta rectangular cunha única nave. Os seus muros son de cantería de granito e as cubertas a dúas augas son de tella. O presbiterio, única parte conservada do XII, é de planta rectangular, cuberta con bóveda de canón apoiada en arcos faixóns de medio punto sobre semi-columnas con capiteis decorados con motivos vexetais. Na cabeceira conserva unha fermosa ventá de factura románica, cun arco de medio punto con decoración xeométrica sobre dúas columniñas con capiteis con motivos florais. No lado norte do presbiterio está a sancristía, de planta cadrada e con acceso dende o exterior. O resto da nave cóbrese con bóveda de canón sobre muros de cantería con capeliñas embebidas. No exterior, no lateral sur, a escaleira de acceso ao campanario que se apoia nunha tripla arcada. A espadana de dous corpos superpostos, o inferior formado por unha dobre arcada, e o superior cun arco e rematado con pináculos e bólas. A fachada é de gran sinxeleza, con portada alintelada e sobre esta un frontón triangular con fornella no seu tímpano.
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	5
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	FRANCO BARROS, Oscar / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	21-08-2022

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1957	60	125
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1957	75	244

Información completa: [Igrexa de Santa María de Caamaño - PORTO DO SON \(GALICIA\)](#)

PDF (20-05-2026)